

ACTA NÚMERO: 31/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 11 DE AGOSTO DE 2022.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10:30 horas do día 11 de agosto de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Jose Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal
- D^a Fátima Monteagudo Pereira, Técnica de Xestión do Servizo de de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Antonio Torrón Casal, Técnico Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do desenvolvemento dun sistema integral de xestión de puntos de carga para a extinción dos incendios forestais da provincia de Pontevedra, enmarcado dentro do proxecto Interlumes (Expte. 2022024458)*
2. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora do drenaxe lonxitudinal na EP-9703 Vilanova-Pontearnelas, do P.Q. 4+270 ó P.Q. 4+950 (Concello de Vilanova de Arousa)" (Expte. 2022025869)*
3. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2104 Panxón-Patos e na E.P. 2105 Panxón-Monteferro (Concello de Nigrán)" (Expte. 2022015366)*
4. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2104 Panxón-Patos e na E.P. 2105 Panxón-Monteferro (Concello de Nigrán)" (Expte. 2022015366)*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do PP, D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, e D. Jose Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de de Contratación, Facenda e Patrimonio.

O Presidente traslada a D. Jose Luis Mato Rodriguez, vicesecretario da Deputación, o recoñecemento e agradecemento polo seu traballo e servizos prestados como vogal da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra, con motivo do seu recente nomeamento como Secretario do Pleno do concello de Pontevedra (BOE nº 191 de data 10 de agosto de 2022)



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do desenvolvemento dun sistema integral de xestión de puntos de carga para a extinción dos incendios forestais da provincia de Pontevedra, enmarcado dentro do proxecto Interlumes (Expte. 2022024458).

O Sr. Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial nº 2022004768 de data 21/06/2022 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do desenvolvemento dun sistema integral de xestión de puntos de carga para a extinción de incendios forestais na provincia de Pontevedra. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22 de xuño de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

Vexiza S.L.
 Consultoría Informática y tecnológica del Noroeste S.L.

A Xefa de medio ambiente, Concepción López Paz, con data de 26 xullo de 2022, emitiu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

CRITERIO	Máximo	CITECNO	VEXIZA
Proposta funcional	9,00	7,00	6,00
Adecuación das súas atribucións	3,00	3,00	1,00
Eficiencia da xestión de permisos e roles	2,00	2,00	2,00
Mantemento de base de datos de usuarios e das zonas	2,00	2,00	1,00
Eficacia da xestión das bases de datos	2,00	0,00	2,00
Proposta tecnolóxica	10,00	5,50	8,00



Proposta de formatos	2,00	1,00	2,00
Facilidade dos métodos de acceso	2,00	1,00	2,00
Deseño dos modelos de datos	2,00	1,00	1,00
Frecuencia de actualización e dimensionamento	2,00	1,5	2,00
Fontes utilizadas	2,00	1,00	1,00
Plan proxecto	6,00	3,50	6,00
Eficacia da xestión de proxecto	1,00	0,50	1,00
Análise e deseño de software	1,00	1,00	1,00
Conxunto de datos actualizados	1,00	0,50	1,00
Grao de desenvolvemento de software e integración de datos	1,00	0,75	1,00
Código, documentación e diseminación	1,00	0,25	1,00
Grao de asignación dos recursos e deseño dun cronograma no que se establecen claramente os prazos de execución, fitos e entregables, en liña coas necesidades do proxecto	1,00	0,50	1,00
TOTAIS	25,00	16,00	20,00

A Mesa de Contratación na reunión do día 28/07/2022, aprobou as puntuacións acadadas polas empresas Vexiza S.L. e Consultoría Informática y Tecnológica del Noroeste S.L. (B-94.115.177) na valoración correspondente aos xuízos de valor, de acordo co informe emitido pola xefa do servizo de Medio Ambiente, e que foi a seguinte:

Puntuación Sobre A	Máxima (25 puntos)
VEXIZA S.L.	20
CITECNO	16

A Mesa de Contratación na reunión do día 28 de xullo de 2022 tamén acordou proceder á apertura electrónica do sobre “B” correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos aportada polas empresas que participan neste procedemento, e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable, en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.



O valores ofertados no sobre “B” foron os seguintes:

Empresa : Consultoría Informática y Tecnológica del Noroeste S.L.

1.-Prezo ofertado:
 Importe sen o IVE: 64.000,00 €
 IVE (21 %): 13.440,00 €
 Importe total ofertado: 77.440,00 €

Empresa: VEXIZA S.L.

Prezo ofertado:
 Importe sen o IVE: 49.500,00 €
 IVE (21 %): 10.395,00 €
 Importe total ofertado: 59.895,00 €

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados cos criterios de valoración automática, a Mesa de Contratación, detecta que a empresa Vexiza S.L. achega unha oferta con valores anormais ou desproporcionados en canto ao prezo ofertado, polo que se lle requiriu para que no prazo de 5 días hábiles achegase a xustificación e precisase as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispuxera para executar este contrato.

A empresa Vexiza S.L. presentou a xustificación requirida dentro do prazo establecido dándose traslado da mesma ao persoal técnico do Servizo de Medio Ambiente.

En data 10/08/2022, o Xefa do Servizo de Medio Ambiente informou favorablemente a xustificación da baixa temeraria efectuada pola empresa.

A Mesa de Contratación procedeu a valoración das ofertas, sendo a seguinte:

Empresa	Puntuación Sobre A	Puntuación Sobre B	Puntuación Total
Vexiza SL (CIF B-24.683.559)	20,00	75,00	95,00
Consultoría Informática y tecnológica del Noroeste S.L. (CIF B-94.115.177)	16,00	8,08	24,08

En base as citadas puntuacións a Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa, VEXIZA S.L.



2. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado convocado para a contratación *do desenvolvemento dun sistema integral de xestión de puntos de carga para a extinción de incendios forestais na provincia de Pontevedra, que queda da seguinte forma:*

Clasificación	Empresa	Puntuación Sobre A	Puntuación Sobre B	Puntuación Total
1º	Vexiza SL (CIF B-24.683.559)	20,00	75,00	95,00
2º	Consultoría Informática y tecnológica del Noroeste S.L. (CIF B-94.115.177)	16,00	8,08	24,08

3. Propor ao órgano de contratación a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación *do desenvolvemento dun sistema integral de xestión de puntos de carga para a extinción de incendios forestais na provincia de Pontevedra* á empresa Vexiza SL (CIF B-24.683.559) polos prezos e valores ofertados indicados.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa Vexiza SL (CIF B-24.683.559) proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, que o firmante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, e asimismo que a empresa non está incurso en ningunha prohibición de contratar e que se atopa ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa Vexiza SL (CIF B-24.683.559), mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles contados desde o seu envío, aporte a restante documentación establecida nos pregos entre a que se atopa a contitución dunha garantía definitiva por importe de 2.475 euros.

2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora do drenaxe lonxitudinal na EP-9703 Vilanova-Pontearnelas, do P.Q. 4+270 ó P.Q. 4+950 (Concello de Vilanova de Arousa)" (Expte. 2022025869)

O Secretario informa que por Resolución Presidencial número 2022004774 de data 22/06/2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Mellora do drenaxe lonxitudinal na EP-9703 Vilanova-Pontearnelas, do P.Q. 4+270 ó P.Q. 4+950 (Concello de Vilanova de Arousa)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22 de xuño de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os



pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 14/07/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres “únicos” correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora do drenaxe lonxitudinal na EP-9703 Vilanova-Pontearnelas, do P.Q. 4+270 ó P.Q. 4+950 (Concello de Vilanova de Arousa)”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- OBRAS GALLAECIA, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
- SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES IVANCA, S.L.
- NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L..

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	86.732,40 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	84.894,93 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	82.590,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	83.727,27 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	84.234,16 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	90.515,97 €	3%	36 MESES	SI	SI



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	87.574,20 €	3%	36 MESES	SI	SI
OBRAS GALLAECIA, S.L.	86.786,71 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	89.094,87 €	3%	36 MESES	SI	SI
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	85.963,02 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	84.442,35 €	3%	36 MESES	SI	SI
SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	81.368,99 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	89.111,56 €	3%	36 MESES	SI	SI
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	87.338,86 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	90.488,81 €	1%	12 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	83.800,00 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. e ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiñan valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da Mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran a súa oferta e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que as empresas SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. e ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L., presentaran xustificación algunha da súa oferta, polo que NON deben ser tidas en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:



LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	19,01	10,00	10,00	5,00	44,01
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	26,73	10,00	10,00	5,00	51,73
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	31,64	10,00	10,00	5,00	56,64
NAROM, S.L.	29,51	10,00	10,00	5,00	54,51
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	0,00	10,00	10,00	5,00	25,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	14,80	10,00	10,00	5,00	39,80
OBRAS GALLAECIA, S.L.	18,77	10,00	10,00	5,00	43,77
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	7,15	10,00	10,00	5,00	32,15
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	22,25	10,00	10,00	5,00	47,25
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	28,64	10,00	10,00	5,00	53,64
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	7,07	10,00	10,00	5,00	32,07
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	15,99	10,00	10,00	5,00	40,99
HORDESCON, S.L.	0,14	10,00	10,00	5,00	25,14
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	31,34	10,00	10,00	5,00	56,34

A Mesa de Contratación acorda,

1. Propor ó Órgano de Contratación, excluir do procedemento as ofertas presentadas polas empresas SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. e ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L., pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora do drenaxe lonxitudinal na EP-9703 Vilanova-Pontearnelas, do P.Q. 4+270 ó P.Q. 4+950 (Concello de Vilanova de Arousa)", que queda da seguinte forma:



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
1	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	56,64
2	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	56,34
3	NAROM, S.L.	54,51
4	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	53,64
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	51,73
6	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	47,25
7	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	44,01
8	OBRAS GALLAECIA, S.L.	43,77
9	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	40,99
10	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	39,80
11	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	32,15
12	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	32,07
13	HORDESCON, S.L.	25,14
14	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	25,00

3. Propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora do drenaxe lonxitudinal na EP-9703 Vilanova-Pontearnelas, do P.Q. 4+270 ó P.Q. 4+950 (Concello de Vilanova de Arousa)" á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado83.727,27 €
 IVE (21%)17.582,73 €
 Importe Total 101.310,00 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citado rexistros a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia económica recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.



4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a) Documentación que acredite a adscrición á execución do contrato os medios persoais seguintes:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares.
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 4.186,36 €

3. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2104 Panxón-Patos e na E.P. 2105 Panxón-Monteferro (Concello de Nigrán)" (Expte. 2022015366).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2022004890 de data 27 de xuño de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2104 Panxón-Patos e na E.P. 2105 Panxón-Monteferro (Concello de Nigrán)*"

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28 de xuño de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA



- MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL
- NAROM SL
- ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS SLU
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU
- CONSTRUCCIONES FECHI SLU

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 29 de xullo de 2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	TOTAL SOBRE A
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	18,00	3,00,	21,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	18,00	3,00	21,00
NAROM S.L.	18,00	3,00	21,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 29 de xullo de 2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2104 Panxón-Patos e na E.P. 2105 Panxón-Monteferro (Concello de Nigrán)".

4. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2104 Panxón-Patos e na E.P. 2105 Panxón-Monteferro (Concello de Nigrán)" (Expte. 2022015366)

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2104 Panxón-Patos e na E.P. 2105 Panxón-Monteferro (Concello de Nigrán)".



EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	25,00
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A.	25,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	21,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	21,00
NAROM S.L.	21,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	175.078,31 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	165.491,15 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	172.886,31 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	169.162,01 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	177.359,05 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforo económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

